

(A quen lle interese):

"COSTA DO SOLPOR, UNHA SORPRESA MAIÚSCULA": texto completo lido polo académico (e latinista) Xesús Ferro Ruibal na presentación da novela "Costa do Solpor" na Librería Couceiro de Santiago (20-3-2013):

Recibo o agasallo inesperado dunha novela longa dun **autor descoñecido**: descoñecido, como novelista, pero amigo meu. Pídeme a opinión, sabendo que non son crítico literario galego, que non son home de moitas lecturas senón de reiteradas lecturas: só me gusta o que está escrito coa propia vida, o que palpita de autenticidade e de humanidade, o que me dá emoción e luz: por iso leo e releo Homero, os tráxicos gregos, o Novo Testamento e Queiruga. E, ós meus anos, sigo lendo sen orde nin concerto. Estou máis atento a iso que chamamos tradición oral. Creo que a emoción e a luz son unha experiencia persoal e non sempre transferible e por iso non me vexo intentando facer crítica literaria. Como lector percibo que os meus gustos non son os de hoxe nin eu camiño moi ó compás do que, para ser galeguista, a moitos lles parece de crenza obrigada. Os meus gustos literarios son extemporáneos e, coma os gastronómicos, son persoais; polo tanto nin valen para outras persoas nin crean opinión nin, por suposto, teñen valor comercial. Pero, aínda que a miña nunca será unha opinión que mereza citarse, o amigo Lema ponme na man a súa novela *Costa do Solpor* e pídeme unha opinión. E voulla dar.



Coñezo o autor dende un debate con Torrente Ballester, en Ferrol, que empezou mal pero que acabou moi ben, e sei da capacidade del para levar adiante traballos que requiran rigor documental e unha paciencia sen límites nin présas. O doutor Lema Suárez (porque hai que empezar por dicir que o novelista Lema Suárez é doutor en Historia da Arte) ten un feixe de solventes publicacións históricas, arquivísticas, arqueolóxicas, iconográficas, lexicográficas, etnográficas, onomásticas, didácticas e mesmo deportivas pero nunca me dera indicios de que entretiña as súas horas de lecer coa creación literaria. Ninguén – paréceme a min- contaba con que estivese cociñando unha novela. A aparición desta novela de autoría inesperada é unha sorpresa maiúscula.

Quen coñeza o Lema investigador sabe que estudou, por poñer algún caso, as lendas da moura (ou dos mouros), a dos Mariño, a da Buserana (como escribía López Abente), a personalidade dos fidalgos de Boallo ou do escultor de Troitosende, que interveñen nesta novela. Pero nada diso anuncia un literato: converter todo iso – e moito máis - en elementos literarios require outra linguaxe; outra cociña. A Lema Suárez, insisto, non se lle coñecen anteriores incursións no mundo da creación literaria que nos puidesen indicar que se estaba adestrando. O Lema novelista é unha sorpresa repentina e quizais por iso a parroquia dos

escritores galegos, fóra o caso de Carlos Caneiro e pouco máis, **garda silencio sobre este libro**: quizais aínda non dixeriu que unha persoa poida chegar da nada a isto. *Costa do Solporé* unha sorpresa, como dentro dunhas semanas vai ser unha sorpresa a aparición en público dun poeta galego do século XV e de Ferrol, do que non se tiña noticia ningunha e... ata aquí podo ler.

A **segunda sorpresa é o tamaño do relato**. 633 páxinas. Lembro unha conversa en Roma en 1967 cun amigo que sostíña que os problemas do galego desaparecerían se en galego aparecese un Quixote. Non teño claro, aínda hoxe, se falaba de calidade ou de cantidade, pero moitos lembramos que, cando remataban os anos 70, no inicio da nosa autonomía, había no mundo literario galego un **certo complexo literario de tamaño**: dicíase que os galegos sabíamos ser brillantes no relato curto pero que eramos **incapaces de crear relatos que superasen as 150 páxinas**. De feito en 1981 os concellos galegos, seguindo a iniciativa do concello de Redondela puxeron en marcha o Premio Blanco Amor que contiña a cláusula de que os relatos debían supera-las 300 páxinas. *Costa do Solpor*, coas súas 633 páxinas (e co apéndice documental, 660), probablemente sería unha bomba literaria en 1981. O tamaño desta novela supera o tamaño medio do mercado interno de lectores en galego e só se lle aproximan *Atuado na braña* de Xabier Quiroga, *As pontes no ceo* de Ramiro Fonte e *Cuarteto con piano* e *Adeus, India, adeus* de Xosé Manuel Villanueva. Pero non o do mercado exterior: *Tu rostro mañana*, de Javier Marías (2009) ten 1336 pág. *Os piares da Terra* de Ken Follet ten máis ou menos a mesma cantidade. *La noche de los tiempos* de Muñoz Molina (2009) ten 960. Proliferan as edicións-recadádica, coma *Cuentos completos* de Faulkner (ed. 2009), con 980 pág. Hai quen di que en tempos de crise aumenta a fame dos lectores e o tamaño das novelas. Así que o tamaño de *Costa do Solpor* pode ser longo para os hábitos de lectura en galego pero iso non é relevante: todos lémo-lo *Quixote*, sendo un terzo máis extenso.

A **terceira característica** é que esta obra é **debedora doutra**. A *Eneida* de Virxilio é impensable sen a existencia previa da *Ilíada* e da *Odisea* de **¿O Valado do**

Vento? (foto X.Mª Lema) Homero, de modo que Virxilio desenvolve en territorio troiano, siciliano, cartaxinés e latino episodios que Homero deixara sen contar. Virxilio faíno así coa idea de crear unha épica romana e resumir nuns 10.000 versos a historia (interpretada) de Roma.

Ben, pois *Costa do Solpor* desenvolve a última e apresurada páxina da *Ilha do Tesouro*, con episodios que Stevenson deixara sen contar. Na *Eneida* seguen actuando personaxes homéricos e en *Costa do Solpor* segue actuando boa parte da tripulación da Hispaniola de Stevenson: o barco protagonista é o mesmo; a viaxe é a mesma; a tripulación é a mesma; o destino final segue sendo chegar ó porto de Bristol; en certa medida Lema fai algo parecido. O argumento da *Ilha do tesouro* de Stevenson é coñecido pero Lema exhuma con arte nesta novela uns episodios moi interesantes desa viaxe que, probablemente polas prásas, Stevenson **deixara sen contar** e que a nós interésanos moito porque **é a que se desenvolveu en territorio galego**. E así como a *Eneida* de Virxilio é unha especie de filosofía da historia romana, *Costa do solpor* por momentos parece que quere ser unha filosofía da historia galega, cun **movemento popular de solidariedade** e de autorrexeneración no que, en letra miúda, aparece a fórmula *¡Nunca máis!* (593).



¿A enseada de entrada á furna? (foto X.Mª Lema)

En certa medida Lema utiliza o mesmo concepto de orixinalidade que tiñan os antigos. Cando os antigos gregos baixaban ó teatro para veren as traxedias de Sófocles, Esquilo ou Eurípides ou as comedias de Aristófanes xa sabían o argumento: o que lles interesaba era ver cal era o enfoque que estes escritores lle daban ese ano a cada personaxe e a cada momento, do mesmo xeito que a nós hoxe nos gusta compara-la Antígona de Sófocles coa de Anouilh ou o Orestes de Homero co de Esquilo e o de Cunqueiro. A orixinalidade no mundo grecolatino non consistía en parir un argumento novo senón en darlle un tratamento novo a un argumento xa coñecido.

A historia, brevemente, é que a *Hispaniola*, o barco de Stevenson que regresa a Bristol co tesouro da Illa, en abeirando Europa, padece un temporal que o deixa moi escangallado. E refúxiase en Fisterra. Alí empezan as reparacións pero, así como hoxe hai clans da droga, daquela, 1761, había aquí un clan de corsarios, con sede na Coruña. Un dos que soben a bordo a repara-la Hispaniola percibe indicios de que leva un tesouro e, sen dicir nada a ninguén, cabalga sen pausa noite e día ata A Coruña de onde sairán inmediatamente dous barcos da Confraría da Man Morta, que se dedica ó corso e da que el forma parte, e que vén preparada para aborda-la Hispaniola, captura-lo tesouro e despois mandar barco e tripulación ó fondo do mar para non deixar testemuñas. O encontro das tres naves xa se produce no mar de fóra preto de Touriñán. O grumete da *Hispaniola* foxe, chega a terra a nado e ten a sorte de bater cun galego pastor de ovellas, que sabe inglés por ser fillo dun anterior náufrago inglés e que está namorado dunha moza fidalga que tamén o sabe, porque ela é da fidalguía ilustrada. De maneira informal organízase en terra un movemento social interclasista que dá vencido o medo ancestral e os mitos paralizantes e que, en cambio, consegue facer que funcionen os mitos activantes e mailo sentimento da terra e da xustiza: por iso acaba encontrando aliados en individuos de clases sociais opostas. A loita establécese entre xente que forma unha organización estable e con armamento moderno e veciños que se xuntan inesperadamente e con armamento da Idade de Pedra. E ata aquí podo contar, porque é mellor lelo.



"Formouse unha onda coma un mundo, e o bergantín quedou a mercé dunhas augas moi axitadas" (cap. 65)

Esta novela **aparentemente é unha novela de aventuras**, de pasatempo, aparentemente sen tese e sen color. Explícome. D. Quixote vai dacabalo, tan delgado coma a súa lanza e cunha bacía por sombreiro e un pirata de Stevenson ten un ollo tapado e unha pata de pau: e esa iconografía alimenta a imaxinación do lector e define o carácter do personaxe. Aquí, en cambio, todo é máis gris e ten menos perfil, porque – e velaí a cuarta característica – o que esta novela amosa **é a loita global pola supervivencia**. Galicia só aspira a sobrevivir. Non hai máis proxecto de futuro nos séculos escuros. Nesta novela tódolos personaxes loitan por sobreviviren con máis ou menos recursos, con maior ou menor honestidade, con máis ou menos legalidade, porque honestidade e legalidade son valores que non sempre están ó alcance da fame. Na costa dous corsarios loitan coas armas na man, para impoñeren a súa lei, coa sensación de que teñen que facer o esforzo definitivo, porque xa tocan a porta do paraíso. Ó rebufo destes personaxes asertivos, como se di agora, van outros subalternos, tamén armados, que confían en participaren no reparto final. Outros, os sumisos silenciosos, practican o *Oín, vexo e calo* porque saben que só así poden aspirar a sobreviviren lonxe do turbillón de violencia. Terra adentro a violencia é menos cruenta pero é máis extensa no tempo: os foros que hai que pagar a mosteiros, a curas, a fidalgos e, doutro xeito, tamén ó rei son a corda ó pescozo con que se nace, vive e morre na Galicia do XVIII. Pero se vivir é difícil para os que se someten, tamén o é para os que se impoñen, porque viven perigosamente. Curiosamente a medicina para

todos estes males anda na man dalgunhas almas inocentes (inocentes porque non fan mal a ninguén): un pastor de ovellas fillo dun náufrago inglés, unha mociña fidalga estudiada e un cura sabio que aínda garda reverencia ás páxinas orixinais do evanxeo do Nazareno. Estas tres almas cándidas, unidas ó grumete fuxido da *Hispaniola*, serán as que se encontren, sen buscalo nin pensalo moito, **coordinando os días épicos da Costa do Solpor**. Os labregos, os que sempre son os bois de palla, convértense na forza dócil e decisiva. **A emoción é intensa**, porque moitas vidas están en xogo. **Nesta altura da novela o lector é incapaz de ler un par de capítulos e deixalo para mañá**, como facía nas primeiras cen páxinas. Se ata aquí foi unha novela en branco e negro e os personaxes están debuxados a unha tinta (non se describe o físico nin os sentimentos senón os feitos), esta parte final ten color, ten son, ten angustia, ten esperanza. Os piratas non teñen nesta novela un ollo tapado e a pata de pau pero a boca do inferno na que está o tesouro bota lume e do ceo choven pedras e petoutos contra O Mal nunha secuencia verdadeiramente fílmica.



Tumba dun crego da Terra de Nemancos do séc. XVIII.

¿Vestiría así o Crego Sabio? (foto X.Mª Lema)

A quinta marca de *Costa do Solpor* é **non ser unha novela maniquea**. Como tiña que ser, é unha novela de paixóns amables ou violentas, novela de bos e malos. O lector identifícaos axiña. Pero hai bos que se degradan e hai malos que se

redimen. A bondade está xeralmente nos humildes pero pode aparecer nalgúns fidalgos. E tamén pode haber pobres amedrentados que co seu medo axudan os poderes do mal. A vida real é así, *que en todas partes hai cans descalzos* (592); *e hai loitas que unen e vitorias que separan*(595).

Sorprende na *Costa do Solpora* **verosimilitude do relato**, e esta é a sexta característica. Cunqueiro inventaba mundos tan cheos de vida que parecían reais, aínda que só existían na fantasía del e, pola arte del, tamén na do lector. Lema crea moitos episodios que parecen fantasía pero responden a feitos, lugares, persoas que el ten perfectamente documentados: coma tal, o problema da inseguranza na costa polos ataques corsarios e o problema da inseguranza terra adentro polos foros e os fidalgos; os mitos vivos tamén son actores desta novela. Esta novela é un encaixe de Camariñas, na que lazos case microscópicos unen con tal naturalidade persoas, lugares, costumes, mitos, debates, paixóns e noticias, que non sabemos se estamos lendo unha ficción ou unha crónica documentada: por momentos, parece un telexornal de 1761 que acabamos de encontrar nun arquivo. O autor di que é un manuscrito que lle chegou de Escocia.

Todo isto é posible, e esta é a séptima característica, porque esta novela é **de cociña lenta**. Isto non é deses libros que botan ó mundo escritores de a libro por ano. Non. Isto non é comida rápida. Lema chega a escribir unha novela dende unha enorme competencia en temas históricos e lingüísticos moi diversos. Poida que nesta novela, que é máis de acción ca de reflexión, falte algo de introspección dos personaxes Pero o lector que coñeza algo o escenario deste relato ve os sitios; os nomes dos que interveñen saen dos libros parroquiais desa terra e desa época. O relato, que alterna narradores diferentes, **está dosificado** para que se poida ler un par de capítulos por día, coma se fora unha novela por entregas, como foi o referente inicial.

Novela escrita **nun galego de calidade**, sería a oitava marca. Nesta novela hai, como dixeran, paixóns fortes, expresadas con linguaxe de sal gordo, e paixóns

tenras, expresadas con palabras de canela en rama. Nunca vin, e levo visto cousas, un tan expresivo repertorio de imprecacións. Con isto o autor, que foi profesor, arríscase a que este libro non entre nas aulas. Pero a lingua está especialmente coidada. Coidada non quere dicir que o autor estea utilizando perversamente o VOLGA, como un corsé, ou que aspire a redimi-la súa novela por exhibi-lo uso daquelas variantes que, entre nós, marcan ideoloxía pensando que só hai (ou debe de haber) lectores nunha banda do Parlamento. Coidada quere dicir que Lema ten na cabeza o galego vivo do seu pai e de súa nai, ós que Deus ten, e o da súa bisbarra: un galego cheo de variantes expresivas. *O pegureiro das roupas esfarrapadas achegábase todo pereno cara ó corpo de garda*: a palabra *pereno* aínda non está no DRAG pero significa “bruto, temerario, bulreiro”. *Entre impo e impo balbucía palabras no seu idioma* (240): a maior parte dos escritores quizais xa utilizarían *salouco* por ese proceso que padecemos de eliminación de sinónimos. *Máis felices ca reis nunha tina* (616): o 99% diríamos *nunha cesta*. Igual acontece con *É ben certo que non hai mal que non haxa ben* (617). *¡Como non ía ser un bo negocio! ¡O mellor! ¡Madría tiña!* (156). *Tomara eu que ardeses eternamente no lume do averno, maldito* (328), forma de expresar un desexo (*tomara eu que...*) que aínda se usa en Caritel (328). *¡Dodemo se saes vivo deste sitio!* (215). ... *caería de alto en peso ó mar* (38). *A soidade acaba virándolle a tella a calquera*: a concepción do corpo como unha casa fai que entendámo-la cabeza como un tellado de xeito que *virarlle a tella a alguén* sexa deixar en mal estado o seu tellado, a súa cabeza, coa consecuencia de *que lle chova dentro*, de que tolee. *O mar* parecía estar calmo *coma un sebo* (60). *Isto que vos digo é conto para un xordo* (570). *Se aquí ventaba un xifral, no mar non debía caber o vento* (66). Hai cousas que non se poden dicir de maneira máis plástica ca como as din os vellos dende sempre. Por algo será.

Que a **lingua está coidada** quere dicir que é unha lingua viva, verdadeira e por iso variada. O narrador é estándar. Pero os personaxes falan parcialmente pero sen distincións de clases no dialecto da Costa da Morte e din *nuite, dezauito, incleses*,


falarén, irén, botarén, estón, pensén, detivénoa, levánoa, vendénose (digo parcialmente porque o autor decidiu non reflexa-la gheada e mailo seseo). E digo sen distincións de clases, porque estamos en 1761. Esta diferenza entre narrador e personaxes é unha novidade que me gustaría que recuperasen tódolos escritores de hoxe, que fan que os personaxes do Caurel, do Baixo Miño, da Mariña ou de Valdeorras falen todos coma o telexornal, cousa que é absolutamente irreal. Tamén **é unha novidade o léxico**: *Costa do Solpor* non é unha novela de falar galego con mil palabras. Lema, que ten na cabeza o galego fluído do seu pai e da súa nai, entende que a pulcritude está na fraseoloxía. A escaseza ou banalidade fraseolóxica dalgúns escritores de hoxe é preocupante porque a fraseoloxía é o nivel máis alto de calquera lingua, o nivel C2 en termos do Marco Europeo das Linguas. Non é este o caso desta novela. **Ariqueza fraseolóxica** desta novela é un dos seus trazos distintivos. E mesmo se o lector non os usa, están tan ben traídos que o contexto no que se insiren xa os define e xa os fai transparentes. O repertorio de imprecacións só o pode superar un máster nas tabernas do país ou nos campos de fútbol. Lema Suárez vense unir a ese pequeno grupo de escritores ricos en fraseoloxía, que, con tódolos respectos, para min hoxe encabeza Bieito Iglesias.



O mapa de *Spain & Portugal* mercado no The Golden Globe, do Sr. William Herbert, London Bridge (foto X.MªLema)

¿De onde sae esta inesperada novela dun novelista inesperado? O mellor consello que o venusino Horacio daba ós que querían crear algunha obra artística era moi simple: *Si vis me flere, dolendum est primum ipsi tibi*: Se queres que eu chore, primeiro tenche que doer a ti” . Esta novela que Lema nos entrega por sorpresa é filla da paixón que el ten pola propia Terra, pola Terra de Soneira e a Terra de Nemancos. Para moitos de nós A Costa da Morte é un magma que só ten un lindeiro definido pola banda do mar pero que terra adentro case ninguén sabemos a onde chega ou que concellos comprende. Para Lema Suárez, en cambio, esa terra está toda escrita e perfilada, é unha terra cargada de prehistoria, de historia, de etnografía, de arte, de onomástica: é dicir, unha terra cargada de luz: unha terra da fin do mundo, cos mesmos mitos que viven noutras Fins do Mundo, máis ó norte; unha terra situada na ruta comercial máis importante do mundo. Se hai algo falso na noción da Fin do Mundo é a idea mesetaria de que o centro está no interior, no seco. Non. O tráfico de mercadorías e o tráfico de ideas dende a época fenicia pasou e segue pasando, ata a chegada da internet, polas costas porque a vía máis rápida de comunicación foi a marítima e fluvial. Por aquí é por onde entraron tódalas as novidades. Santiago tamén chegou por mar. Ji Dahai, un artista chinés que fixo o camiño de Santiago dixo, nunha entrevista que lle vin en Francia, que no NE de China tamén hai un Fistera pero que eles lle chaman “ fin do ceo” .

Poñendo o pé por primeira vez no mundo dos novelistas Lema dixo, coma quen pide perdón: *Esta é a miña primeira e derradeira novela*. Non sei por que o fixo: unha dimisión é un acto libre e voluntario e, desque se anuncia, non ten volta atrás. Non sei se dará mantido a promesa; pero, ó ritmo que traballa, se hai segunda novela, aparecerá, máis ou menos, alá polo 2025. **Cociña lenta, saberes multidisciplinares**, paixón pola propia terra, seres humanos que encarnan as nosas mellores ideas e peores vicios, metáfora da vida e morte que pasea a nosa costa: velaí as ferramentas coas que Lema Suárez nos deu a gran sorpresa da novela *Costa do Solpor*, unha novela que entra lenta **no debate literario galego para non saír del nunca máis**. Ou así o penso.



Edición de *Treasure Island* (R.L. Stevenson) de Puffin Books (Penguin Books, London, 1st published 1946, reissued 1994)

Véntolle **tres posibilidades** a esta novela. A primeira: **traducirase ó inglés**, e non só porque lle temos que dicir ó mundo que a nosa lingua existe, senón pola necesidade da propia literatura inglesa de descubri-lo final verdadeiro final da obra de Stevenson. A segunda: a Costa da Morte acabará tendo unha **ruta turística** *Costa do Solpor*, para que galegos e turistas poidamos revivir in situ os lugares nos que se viviron eses medos, eses amores, eses odios, esas batallas épicas: Turgalicia ten aquí un novo recurso. A terceira: esta novela **pode chegar ó cine**. O autor terá que aclarar cores e perfís dos personaxes en branco e negro que ocupan algunhas páxinas; pero, se na primeira parte se precisa un esforzo de caracterización, no final, mesmo en branco e negro, tería color e calor.

Non digo cando acontecerá todo isto pero acontecerá con certa probabilidade. Coido que este é o destino das creacións literarias que viñeron para integraren o imaxinario común dos galegos.

Xesús Ferro Ruibal

20.3.2013